



Xogade

TENIS DE MESA

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

1. INSCRICIÓNS

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar) formalizarase a través da páxina web: www.deporteescolargalego.com. Pódese acceder tamén a través da web "xogade.xunta.gal".

A data de peche de inscrición é o 15 de novembro de 2018.

2. CATEGORÍAS

BENXAMÍN: nados nos anos 2010-2009.

ALEVÍN: nados nos anos 2008-2007.

INFANTIL: nados nos anos 2006-2005.

CADETE: nados nos anos 2004-2003.

3. PARTICIPANTES

Poderán participar neste programa XOGADE, todos os clubs, asociacións, centros de ensino e ANPAS, nas categorías benxamín, alevín, infantil e cadete masculino, feminino ou mixto.

Inicialmente hai que inscribir un mínimo de 2 e un máximo de 5 xogadores/as por equipo. Todos os equipos que non teñan como mínimo os/as dous/dúas xogadores/as inscritos, serán dados de baixa.

Poderán participar xogadores/as da categoría inmediatamente inferior pero unha vez que disputen 5 encontros na categoría superior deberán permanecer nesta categoría ata o final da competición. Os equipos mixtos participarán na competición masculina.

Ao longo da tempada pódense incorporar xogadores/as aos equipos ata completar o máximo de 5.

4. SISTEMA DE COMPETICIÓN

O sistema de competición será por equipos.

Nas categorías benxamín e alevín, a competición será única e os equipos serán femininos, masculinos ou mixtos.

As categorías infantil e cadete serán masculinas e femininas.

5. REGLAS DE XOGO

A competición será por equipos, polo Sistema Copa Corbillón, para todas as categorías (entre 2 e 4 xogadores/as). Disputaranse 5 partidos en cada encontro (4 individuais e 1 dobre) ao mellor de 5 xogos, a 11 tantos ou diferenzade 2.

EQUIPO A	EQUIPO X
XOGADOR /A	XOGADOR/X
XOGADOR/B	XOGADOR/Y
DOBRES	DOBRES
XOGADOR /A	XOGADOR /Y
XOGADOR /B	XOGADOR /X

A competición será polo sistema de liga e desenvolverase por concentración de medio día, nos distintos puntos xeográficos onde haxa equipos inscritos. Cada equipo xogará un máximo de tres encontros. Quedará a criterio do xuíz-árbitro da competición a posibilidade de disputar todos os partidos de cada encontro no caso de que se produza un resultado de 3-0.

Os/as xogadores/as de cada equipo deberán acudir a xogar provistos de camiseta, pantalón curto e calzado deportivo. As camisetas dos/das xogadores/as do mesmo equipo deben ser da mesma cor. Esta norma será aplicable en toda a competición. Queda a criterio do xuíz-árbitro a decisión de permitir a participación no caso de incumprila.

A non comparecencia inxustificada de equipos implicará a perda dos encontros previstos para esa xornada. Os aprazamentos xustificados disputaranse antes da última concentración.

6. FASES

Serán organizadas conxuntamente polos Servizos de Deporte de cada provincia e a Federación Galega de Tenis de Mesa.

Comarcal

Formaranse grupos por proximidade xeográfica, en función das inscricións. Competirán en concentración cun máximo de 2 xornadas por zona. Se só houberse unha zona ou bisbarra con participación, a competición pasará a ser intercomarcal.

A competición dará comezo no mes de novembro e finalizará no mes de abril.

Campionato intercomarcal

Participarán nesta fase os primeiros clasificados de cada categoría ata completar un total de 8 equipos por categoría e sexo. Terá lugar no mes de abril. A clasificación será proporcional ao número de inscritos en cada zona ou bisbarra.

Campionato provincial

Clasificaranse 8 equipos por categoría e sexo da fase intercomarcal ou zonal. Terá lugar no mes de maio. A clasificación será proporcional ao número de inscritos en cada fase intercomarcal.

COMPETICIÓN INDIVIDUAL

Será organizada pola Federación Galega de Tenis de Mesa. Unha vez finalizada a competición por equipos nas distintas zonas e xa clasificados os equipos para o campionato provincial, abrirase un período de inscrición en cada zona, para organizar unha COMPETICIÓN INDIVIDUAL que se disputará soamente no ámbito zonal. Esta competición realizarase tamén por concentracións de medio día, primeiro en grupos e logo unha concentración final, na que se xogarán os cadros de postos.

7. LICENZAS

Será obrigatoria a presentación do formulario de inscrición, que se sacará da aplicación informática da páxina web "xogade.xunta.gal", acompañado da ficha Xogade de cada xogador e adestradores con foto (que poderán imprimirse dende o apartado de informes), ou ben co DNI (original ou fotocopia cotexada), ou coa licenza tramitada pola Federación Galega.

As entidades que teñan a opción de participar nos campionatos nacionais deben posuír obrigatoriedade a licenza da Federación Galega.

8. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Tenis de Mesa.

Tamén rexe a regulación xeral que se pode consultar na páxina web de Xogade: xogade.xunta.gal.

9. SEGURO

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible no programa Xogade, na páxina web www.deporteescolargalego.com. Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á poliza do seguro é aberto.

Lembren que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidente deportivo.

10. RÉXIME DISCIPLINARIO

Entendendo que na actividade deportiva escolar deberán primar os aspectos educativos, dando maior peso ao obxectivo da participación e non competitivo, non deba ser preciso o desenvolvemento dun réxime disciplinario mais aló das propias normas de convivencia e educación existentes na nosa sociedade. Aínda así, se fose preciso, poderá ser aplicado o establecido na actividade deportiva federada.